

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE SETEMBRO DE 2016 POLA QUE SE
RESOLVE A CONCESIÓN DO IV PREMIO DE CREACIÓN DE MATERIAIS E
RECURSOS DOCENTES CON PERSPECTIVA DE XÉNERO DA UNIVERSIDADE
DE VIGO ANTONIA FERRÍN MOREIRAS**

De conformidade co establecido na resolución reitoral do 12/02/2016 pola que se convocou o IV Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo ANTONIA FERRÍN MOREIRAS co obxectivo de axudar á introdución da perspectiva de xénero na docencia, de acordo coa acta do xurado nomeado para a súa resolución e en virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Conceder os seguintes premios:


Primeiro premio: «O xénero nos ollos. Estratexias para educar con (e pese ás) fotografías dos materiais curriculares»

Accésit: Deserto

2. Non admitir no concurso o material titulado «Economía: un asunto de mulleres» por non cumprir os requisitos da convocatoria para a súa presentación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.



Vigo, 20 de setembro de 2016

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo o vinte de setembro de dous mil dezaséis.

Vigo, 20 de setembro de 2016
A directora da Unidade de Igualdade

Ana Isabel González Penín